

LATÍN

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2** combinadas como desexe. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos cada una, de las que puede responder un MÁXIMO DE 2 combinadas como desee. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / *Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.*

O rei Numa Pompilio / *El rey Numa Pompilio*

Postea Numa Pompilius rex creatus est, qui bellum quidem nullum gessit, sed non minus civitati quam Romulus profuit. Nam et leges Romanis moresque constituit, qui consuetudine proeliorum iam latrones ac semibarbari putabantur, et infinita Romae sacra ac templa constituit. Morbo decessit quadragesimo et tertio imperii anno.

1.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).*

PREGUNTA 2. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / *Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.*

Cornelio Escipión en Hispania

Interea ad Hispanias Cornelius Scipio mittitur, vir Romanorum omnium et sua aetate et posteriore tempore fere primus. Is Carthaginem Hispaniae capit, in qua omne aurum, argentum et belli apparatus Afri habebant. Magonem etiam, fratrem Hannibalis, ibidem capit, quem Romam cum aliis mittit.

2.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

A repartición dun león / *El reparto de un león*

Sic est locutus, partibus factis, leo:

«Ego primam tollo, nominor quoniam leo;

secundam, quia sum fortis, tribuetis mihi;

tum, quia plus valeo, me sequetur tertia;

malo afficietur, si quis quartam tetigerit».

Sic totam praedam sola improbitas abstulit.

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / Literatura y léxico.

4.1. Desenvolva un dos dous temas / Desarrolle uno de los dos temas:

4.1.1. Principais características dos discursos de Cicerón / *Principales características de los discursos de Cicerón (2,5 puntos).*

4.1.2. Principais características da comedia plautina / *Principales características de la comedia plautina (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestións / Responda una de las tres cuestiones:

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "antesala", "contraindicado", "interministerial", "posclásico", "ultracorrección" (2,5 puntos).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas e utilíceas nun exemplo / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas y utilícelas en un ejemplo: "addenda et corrigenda", "contra naturam", "habeas corpus", "peccata minuta", "ultimatum" (2,5 puntos).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "Caldelas", "Fonsagrada", "Lavacolla", "Oseira", "Xestoso" (2,5 puntos).*

LATÍN

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2** combinadas como desexe. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos cada una, de las que puede responder un MÁXIMO DE 2 combinadas como desee. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

O rei Tulo Hostilio / *El rey Tulo Hostilio*

Huic successit Tullus Hostilius. Hic bella reparavit, Albanos vicit, qui ab urbe Roma duodecimo miliario sunt, Veientes et Fidenates bello superavit, urbem ampliavit adiecto Caelio monte. Cum triginta et duos annos regnavisset, fulmine ictus cum domo sua arsit.

1.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).*

PREGUNTA 2. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

O emperador Septimio Severo / *El emperador Septimio Severo*

Hinc imperii Romani administrationem Septimius Severus accepit, oriundus ex Africa. Hic primum fisci advocatus, mox militaris tribunus, per multa deinde et varia officia atque honores usque ad administrationem totius rei publicae venit. Pertinacem se appellari voluit in honorem eius Pertinacis, qui a Iuliano fuerat occisus.

2.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

**PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas /
Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.**

O lobo, a raposa e o mono / *El lobo, la zorra y el mono*

Lupus arguebat vulpem furti crimine;

negabat illa se esse culpae proximam.

Tunc iudex inter illos sedit simius.

Uterque causam cum perorassent suam,

dixisse fertur simius sententiam.

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / *Literatura y léxico.*

4.1. Desenvolva un dos dous temas / *Desarrolle uno de los dos temas:*

4.1.1. Principais diferencias entre a poesía épica e a poesía lírica latinas / *Principales diferencias entre la poesía épica y la poesía lírica latinas (2,5 puntos).*

4.1.2. Contido e estrutura da *Eneida* de Virxilio / *Contenido y estructura de la Eneida de Virgilio (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestións / *Responda una de las tres cuestiones:*

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "coherdar/coheredar", "inmaterial", "posverdade/posverdad", "superconductor/superconductor", "ultracorrección" (2,5 puntos).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas e utilíceas nun exemplo / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas y utilícelas en un ejemplo: "cogito, ergo sum", "editio princeps", "in dubio pro reo", "memento mori", "panem et circenses" (2,5 puntos).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "Bembibre", "Louredo", "Pedrafita", "Santiago", "Vilalba" (2,5 puntos).*



Latín: traducción y sintaxis con método sistemático.

selectividad.academy - 623 769 002

ABAU 2023
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas, combinadas como se queira. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. “Despois foi elixido rei Numa Pompilio, o cal certamente non levou a cabo ningunha guerra, pero favoreceu á cidade non menos que Rómulo. En efecto, fixou leis e costumes para os romanos, os cales polo hábito dos combates xa eran considerados ladróns e semibárbaros, e estableceu en Roma infinitos cultos sagrados e templos. Morreu de enfermidade o ano corenta e tres do seu mandato”.

2.1. “Entre tanto é enviado as Hispanias Cornelio Escipión, varón case o primeiro de todos os romanos tanto no seu momento como en tempo posterior. Este conquista Cartago de Hispania, na cal os africanos tiñan todo o ouro, a prata e o aparato de guerra. Tamén captura alí a Magón, irmán de Aníbal, ao que envía a Roma con outros”.

3.1. Unha vez feitas as partes, así falou o león:

“Eu collo a primeira, xa que me chamo león;
a segunda asignarédesma a min, porque son forte;
logo, porque son máis poderoso, seguirame a terceira;
mal lle resultará, se alguén toca a cuarta”.

Así a malicia obtivo soa toda a presa.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Soamente hai que facer unha das dúas análises; se un estudante fai as dúas, valorarase só a primeira que presente. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de



Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

Todo sobre la selectividad

cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos dous temas propostos, o cal permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde aos dous temas, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que describir as principais características xerais dos discursos de Cicerón. Para acadar a máxima puntuación é suficiente explicar adecuadamente tres características importantes, como por exemplo: tipoloxía, estrutura, lingua-estilo.

4.1.2. Hai que describir as principais características xerais das comedias de Plauto. Para acadar a máxima puntuación é suficiente explicar adecuadamente tres características importantes, como por exemplo: argumentos, personaxes, lingua-estilo.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, a cal permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento da cuestión). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas, poñendo algún exemplo de uso en contexto adecuado.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden. Se algún dos topónimos ten varias posibilidades de interpretación, permitirá acadar a puntuación total correspondente unha soa de calquera desas posibilidades.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2023

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación

● Cada examen practicado te acerca a tu objetivo

Prueba gratis

ABAU 2023
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas, combinadas como se queira. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. “A este sucedeuno Tulo Hostilio. Este recuperou as guerras; venceu aos albanos, os cales están a doce millas da cidade de Roma. Superou na guerra aos veientes e aos fidenates; ampliou a cidade tras engadir o monte Celio. Despois de ter reinado trinta e dous anos, alcanzado por un raio ardeu xunto coa súa casa”.

2.1. “A partir de aquí tomou a administración do imperio romano Septimio Severo, oriúndo de África. Este primeiro foi xestor do erario público, logo tribuno militar, despois pasando por moitos e variados oficios e cargos públicos chegou á administración de todo o estado. Quixo ser chamado Pertinax en honor daquel Pertinax que fora asasinado por Xuliano”.

3.1. Un lobo acusaba a unha raposa por un delito de roubo;
ela negaba que ela estivese cerca da culpa.
Entón sentouse entre eles un mono como xuíz.
Despois de que ambos os dous expuxeron a súa causa,
dise que o mono pronunciou sentenza.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Soamente hai que facer unha das dúas análises; se un estudante fai as dúas, valorarase só a primeira que presente. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na



Aprende con los mejores profesores de selectividad

Prueba sin compromiso · 623 769 002

análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos dous temas propostos, o cal permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde aos dous temas, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que describir as principais diferencias entre a poesía épica e a poesía lírica latinas. Para acadar a máxima puntuación é suficiente explicar adecuadamente tres aspectos distintivos, como por exemplo: temas, forma, lingua-estilo.

4.1.2. Hai que explicar brevemente o contido principal e a estrutura da *Eneida* de Virxilio.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, a cal permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento da cuestión). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas, poñendo algún exemplo de uso en contexto adecuado.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden. Se algún dos topónimos ten varias posibilidades de interpretación, permitirá acadar a puntuación total correspondente unha soa desas posibilidades.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2023

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación



Tu esfuerzo tiene recompensa. Estamos contigo.

selectividad.academy



Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

623 769 002

Escríbenos por WhatsApp

www.selectividad.academy

→ Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

→ Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso